

PROMOCIÓN INTERNA ADMINISTRATIVOS SEGURIDADE SOCIAL

Preferencia elección vacantes e coñecemento das mesmas

O Real Decreto 364/1995, no seu artigo 78 establece a preferencia da quenda de promoción interna para cubrir os postos vacantes sobre as persoas aspirantes que procedan da quenda libre.

Neste mesmo senso, a convocatoria do proceso selectivo na súa Base Específica 1 establece que *“as persoas aspirantes que ingresen por promoción interna terán, en todo caso, preferencia para cubrir os postos vacantes que se oferten”*.

Dado o numero grupo de persoas que se presentan por esta quenda e ás dúbidas xurdidas neste aspecto concreto, a **CIG** púxose en contacto cos responsábeis do Ministerio para confirmar estes extremos.

A **CIG** preguntou pola prioridade das persoas que participan pola quenda de promoción interna e por como se vai articular na práctica esta preferencia na selección de vacantes.

Dende o Ministerio confirman que ofertarán as vacantes respectando o establecido na convocatoria, **dando a prioridade a promoción interna** sobre a quenda libre.

Igualmente explican que, aínda que están estudando a forma concreta de proceder, en todo caso, as persoas de promoción interna, **cando teñan que elixir entre a posibilidade de quedar no seu posto de traballo ou ir a oferta de vacantes, nese momento coñecerán os postos que se lle ofertarían**, que serán como mínimo os 2.500 creados para esta OEP.

Seguiremos informando...